

OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE NO CONCELLO DE PONTECESO

XXI FEIRA DAS FABAS:

O 29 de outubro no Campo da Feira de Ponteceso

FESTA DO MAGOSTO:

O 4 de novembro na Praza do Pan de Corme
(se chove farase na lonxa nova) ás 20:00 h
¡ESTADES CONVIDADOS/AS!

XVI CERTAME DE CORAIS POLIFONICAS DO NADAL 2011:

O día 17 de decembro ás 21:00 h

PARA OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS,

consultar os folletos impresos ou a páxina web do
Concello de Ponteceso: www.ponteceso.net

Para máis información:

Concello de Ponteceso 981 714 000 (ext. 6)

Oficina Municipal de Corme 981 738 428

ORGANIZA:



Concello de
PONTECESO
Concellería de Cultura

COLABORA:



MONTE
BRANCO
ASOCIACION CULTURAL

SUBVENCIONA:



DEPUTACIÓN
DA
CORUÑA

XVIII ciclo de teatro

PONTECESO
2 0 1 1



Sábados
ás 22:30 h na
A.C. MONTE BRANCO

5, 12, 19 e 26 de NOVIEMBRO

Sábado 5 de Novembro - 22:30 h

- ▶ **COMPAÑÍA:** Os 7 magníficos + 1
- ▶ **OBRA:** O gordo e o calvo van ao médico
- ▶ **SINOPSE:** É un dos espectáculos máis populares dos estreados ata o momento polos Sete Magníficos máis Un. Nesta divertida produción, recupéranse e actualizan vellas farsas de circo clásico creadas pola familia Colombaioni para, sen esquecer a creatividade e a actitude de riesco características desta compañía, compor unha obra cómica dirixida principalmente ao público familiar.
As verdadeiras protagonistas desta produción clown son a loucura e a improvisación que despregan sobre o escenario os seus dous protagonistas. Desde o seu rompedor inicio sucédense as situacións e personaxes máis ridículos e divertidos nunha incansable procura da gargallada do público e nunha disección da sanidade pública actual.
- ▶ **ACTÚAN:**
Dirección: Iván Prado
Actores: Fran Rey e Pedro Brandariz
- ▶ **DURACIÓN:** 80'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 14 anos

Sábado 12 de Novembro - 22:30 h

- ▶ **COMPAÑÍA:** Obras Públicas
- ▶ **OBRA:** Life is a paripé
- ▶ **SINOPSE:** 75 minutos de humor dividido entre 11 escenas e pico, multiplicado por 2 intérpretes masculinos sumados a 1 intérprete feminina dá como resultado: 33 por cento de música máis 33 por cento de teatro máis 33 por cento de cachondeo, e que dá un total final de 100 por cen de paripé. Se Mariango pode nós tamén.
- ▶ **ACTÚAN:**
Dirección: José Prieto
Actores: César Goldi, Iolanda Muíños, Mos
- ▶ **DURACIÓN:** 75'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 14 anos

Sábado 19 de Novembro - 22:30 h

- ▶ **COMPAÑÍA:** Culturactiva
- ▶ **OBRA:** Frantasma
- ▶ **SINOPSE:**
A historia narra as peripecias dun matrimonio composto por un antropólogo inglés (Otis) e unha soprano americana (Lady Margaret) que viaxan a Inglaterra para tomar posesión dun vello caserón familiar. Trala súa chegada, na casa son recibidos por un sinistro mordomo (Aristóbulo) e unha explosiva ama de chaves (Cástula) que lles informan dunha estrana maldición familiar... mortes, desaparicións, presenza fantasmais... a maldición familiar semella confirmarse coa repentina morte da nova propietaria.
Lady Margaret é asasinada; polo que o seu marido contrata os servizos dun detective (Inspector Bonatarda) cuxa investigación rematará por dificultar aínda máis o esclarecemento dos feitos.
- ▶ **ACTÚAN:**
Dirección: Xosé Lueiro e David Otores (Illana)
Actores: Fran Rey, Fran Campos e Fran Ameixeiras
- ▶ **DURACIÓN:** 65'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 16 anos

Sábado 26 de Novembro - 22:30 h

- ▶ **COMPAÑÍA:** Culturactiva
- ▶ **OBRA:** Razóns de peso
- ▶ **SINOPSE:** Razóns de peso é unha comedia onde se conta a historia de dúas mulleres que traballan xuntas pero que apenas se coñecen e que se miraron sempre a través dos prexuízos.
Celia Paredes, secretaria do director xeral, acaba de ser nomeada xerente dunha sucursal que a empresa abrirá en Roma; Laura García, titular do departamento de Marketing e aspirante tamén á xerencia da sucursal, non encaixa a decisión. Cegada pola ira e seguindo un impulso impropio dela, decide tomar medidas drásticas ao respecto.
- ▶ **ACTÚAN:**
Dirección: Anabell Gago
Actrices: Chelo do Rejo e Ana Puento
- ▶ **DURACIÓN:** 75'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 16 anos.